

Susi Arnela I

Susi lograba virar a habitual cara de fastío dos buseiros con só avanzar pola beirarrúa a carón dos autos como búfalos alasando no semáforo. Ela dominaba o seu poderío e para facer merecida ostentación, cinguía as coxas cunhas mallas ruzas, vulgares incluso, pero nada anubraba o deslumbrante tremelicar das súas pernas e a finura do van, a lixeireza do cabelo cubríndolle por veces a cara como un veo perfumado.

Se o xogo do *bote bote* remataba en conflito ela ditaba a sentenza a sabendas da súa autoridade, se no colexio se artellaba unha obra de teatro, interpretaba o papel principal e nos *playback* imitaba á cantante de moda anainada polos suspiros dos seus presuntos amigos que, con bo criterio, a erixiran na rapaza máis fermosa da vila. Posuía todo aquilo que os homes adoraban, o cabelo sedoso, a dentadura perfecta, as proporcións exactas, a simpatía xusta, a intelixencia, bailaba mellor que ninguén.

Tan moderna que os seus mellores amigos eran rapaces!, unha proba irrefutable da superioridade de Susi Arnela. Claro que a amizade era unilateral. Os chavales estaban loucamente namorados e só agora se atreven a afirmar que aquilo do amor fraternal era unha andrómena, unha ensoñación máis de Susi, allea a todo, deliciosamente cínica, do mesmo modo que non comprendía, nin nunca chegou a comprender, o contra-efecto do seu cimbrar, o contra-canto da súa sensualidade.